

GUÍA DIDÁCTICA



GUÍA DIDÁCTICA









por

LYDIA BOTANA TAIBO

DE AQUÍ PARA ALÁ



GUÍA DIDÁCTICA: DE AQUÍ PARA ALÁ

1. **Introdución** 
2. **Que imos ver?** 
 - 2.1. **Sinopse: De aquí para alá** 
 - 2.2. **Percorrido** 
 - 2.3. **A autora: Lydia Botana** 
 - 2.4. **O libro-disco**
3. **Obxectivos e contidos** 
4. **Actividades** 
- ANEXO** 

Fichas:

1. **Metamorfose da bolboreta**
2. **Fauna poética australiana**
3. **Bolboacordeón**
4. **Bubamara máscara**
5. **O mapa da viaxe**
6. **Animais da viaxe**
7. **Instrumentos das viaxe**
8. **Familias de instrumentos**

1. Introducción

Esta guía didáctica pretende achegar ao profesorado material co que reforzar o traballo realizado no concerto didáctico ao que acudirá o alumnado. Achéganse distintas actividades e fichas en diversos formatos baseadas nos conceptos que se desexan resaltar da historia que escoitarán, enlaces a vídeos e audicións recomendadas, coreografías e cancións. Todo co fin de axudar ós docentes a preparar mellor os diversos parámetros da música e da vida que se tratan de difundir con este proxecto.

2. Que imos ver?

2.1. Sinopse: De aquí para alá

De aquí para alá é un proxecto didáctico musical creado por Lydia Botana para público infantil no que viaxamos arredor do mundo aprendendo, escoitando, bailando e cantando as músicas de cada lugar facendo partícipe o público que nos acompañe na procura de novos sons!

O **obxectivo** deste proxecto é ofrecer un material **educativo** de calidade que parte do ámbito da educación musical como eixe vertebrador de contidos que tamén abranguen outras áreas educativas.

Trátase de espertar o interese dos nenos e das nenas pola música e as culturas doutros lugares, dando valor á diversidade e por suposto, respectándoa, dun xeito divertido e didáctico na nosa **lingua** poñendo en valor o noso patrimonio cultural.

A través da música contaremos a historia dunha bolboreta que vai polo mundo na procura de algo que faga feliz o seu novo amigo Gali, un neno que vive en África e está triste. Embarcarémonos nunha viaxe musical arredor do mundo pasando por Brasil, Cuba, Xamaica, os Balcáns, Estados Unidos, Galicia e lugares máxicos por descubrir.

Cantaremos co público o retrouso que nos levará ó seguinte lugar transportando unha mesma melodía por xéneros musicais como a **bossa-nova**, o **rap**, o **son cubano**, o **reggae**, o **ska**... ao mesmo tempo que **Bolboreta** vai conseguindo máis cores novas nas súas ás grazas á música e as novas culturas que vai aprendendo!

Unha divertida aventura na que a **música**, os **instrumentos** e as **cores** son as protagonistas coas que descubriremos paisaxes sonoras distintas gozando e aprendendo ao mesmo tempo.

Creouse un **libro-disco** coas cancións e a historia pola que xira este proxecto publicado en novembro de 2015 pola editorial Cumio na súa primeira edición.

Un **vídeo** resumo do concerto didáctico para público de Educación Infantil:
https://youtu.be/fke9N_sBaYc

O proxecto ten con dous formatos de representación:

Concerto didáctico interpretado por catro artistas en escena cunha instrumentación variada: dende o piano, a batería, o acordeón, os bongós, campás, etc. Interpretanse instrumentos típicos de cada lugar polo que iremos pasando durante a viaxe como a kalimba, o didgeridoo, as cunchas, etc. Xunto cun variado set de pequena percusión que abrangue dende pandeiretas, pau de choiva e un sinfín de cacharradas que despertarán a curiosidade dos asistentes.

Cantacontos, con Lydia únicamente en escena, adaptado a espazos pequenos e público reducido en formato acústico.

2.2. Percorrido

De aquí para alá pasou por diversos lugares da xeografía galega, tamén por Canarias, Chile, Palencia, Zamora, Barcelona ou Madrid na versión en castelán *De aquí para allá* e en francés coma *D'ici á lá* en Francia, Bélxica, Senegal ou Burkina Faso.

Tivo presenza en festivais ou expos coma Culturgal, Churrutines, o salón infantil de Galicia, Festival de la luz (Boimorto), Musicando no nadal (A Coruña), Festival de Literatura infantil Món Llibre (Barcelona), Arona Son Atlántico (Tenerife) o Festival Internacional WOMAD (Chile) ou para escolares das catro provincias galegas coa participación do profesorado asistente ao traballar, previa e posteriormente ao concerto, a guía didáctica elaborada ex professo para sacar máis partido ao lado educativo e didáctico desta representación.

2.3. A autora: Lydia Botana

Unha idea orixinal con música e arranxos de **Lydia Botana**, música multinstrumentista natural de Culleredo (A Coruña) de espírito aventureiro que viaxou polo mundo compartindo a música que compón e canta en varios idiomas polos cinco continentes, mesturando e aprendendo diferentes culturas que transmite nos diversos espectáculos que produce para todo tipo de públicos.



www.lydiabotana.com

Titulada polo Conservatorio Superior de Música de A Coruña en Pedagogía da Linguaxe e a Educación Musical ten a titulación de piano e percusión.

Cursou estudos durante a súa estancia no Conservatorio di Música Giovan Battista Martini en Bologna (Italia) cunha beca Erasmus xunto a Pier Paolo Scattolini e dirixiu o Coro Voci Bianche della Fondazione Teatro Comunale di Bologna que dirixe a mestra Silvia Rossi.

Ten o Máster universitario en investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria pola Universidade da Coruña.

Realizou diversos cursos de formación coma Rítmica Jacques-Dalcroze con Anne Allegre; Improvisación en el aula de Lenguaje Musical con Emilio Molina; Body music-Body percussion con Javier Romero; Tradiciones orales y creación en el aula con Polo Vallejo; Somos ritmo con Ramiroquai Tersse de Mayumaná; Pedagogía musical activa - Metodología Orff con Jos Wuytack, etc.

En 2012 foi convidada a cursar estudos en LIPA (Liverpool Institute for Performing Arts) centro fundado polo Beatle Paul McCartney onde realizou unha Master Class sobre música moderna e paralelamente, actuou na mítica sala The Cavern.

Ten formado parte de diversas agrupacións tanto rock, pop, reggae, ska, coma *ensembles* de percusión, bandas sinfónicas ou coros. Produce diversos espectáculos didáctico musicais para público familiar como *Mundo Mamemo* sobre intelixencia emocional e bilingüismo francés-castellano, *A feira das linguas*, teatro musical para promover o uso da lingua galega entre as crianzas ou contos musicados, música para bebés ou obradoiros musicais en familia colaborando co portal *Alí*, recursos en galego.

Ten experiencia como profesora en conservatorios Profesionais e Superiores, escolas de música, educación Infantil, Primaria e Secundaria, Universidades, obradoiros e campamentos dende hai máis de quince anos así como cursos para profesorado de música ou conferencias sobre metodoloxías activas na aula de música.

Entre as súas **publicacións** destacan as comunicacións en xornadas sobre educación artística como II CEIMUS (Congreso de Educación e Investigación Musical) sobre a motivación e creatividade na aula de música (Madrid, marzo 2012); II CONSMU (Congreso Nacional de Conservatorios Superiores de Música) sobre novos enfoques na formación e educación musical (Madrid, marzo 2015); cursos de técnicas e recursos vogais para bandas emerxentes (Barcelona, xullo 2015); ponencia no III Encuentro Nacional de Docentes de Música, convidada pola SEM-EE (Cádiz, abril 2018); I Xornadas de didáctica das artes na Galicia de hoxe: crear para ensinar, convidada pola UDC (A Coruña, setembro 2018); ponencia “Interculturalidad a través de la música” convidada no Simposio Internacional de Educación Musical e Materiais Didácticos (Santiago de Compostela, xaneiro 2019); ponencia II Encuentro de Educación Musical Escuela de Música Santa Cruz de la Zarza (Toledo, novembro 2020); Jornades de transformació social a través de l’art (Castellón, maio 2022).

Organiza as xornadas educativas para compartir recursos didácticos e xeitos de empregar a música para o benestar vital das persoas baixo o nome de **“Educando, Emocionando, Musicando”** (A Coruña, outubro 2019).



Impartiu clases de Didáctica da Música no Conservatorio Superior de Música das Illas Baleares formando futuro profesorado en educación musical. Foi profesora de música na Rock Eskola de Atabal de Biarritz (Francia); Xefa

2.4. O libro-disco

Esta historia representa dalgún xeito que a felicidade non está só na fin, senón na forma de facer o camiño, e coa música como compañeira de viaxe, nunca nos sentiremos sós ou soas, xa que a maxia da música e do amor é o que nos conecta con todo.

O **libro** consta de 57 páxinas ilustradas a man por Roy Dosil, onde están todas as partituras, con letras e melodías, das 13 cancións que conforman o disco. No final do libro hai un **sumario** con todos os instrumentos que soan neste libro-disco e as **letras** completas das cancións.

O **disco** está gravado integramente por Lydia que canta e toca máis de 30 instrumentos musicais diferentes e conta cun par de colaboracións estrela nalgunhas cancións coma seu pai Vitín na guitarra eléctrica, Xabier Díaz nas percusións, Javier Cedrón ao violín, Guilhem Lacadée na trompeta e Pedro Lamas ao saxofón soprano.

O disco está composto po 26 cancións: 11 cancións orixinais da autora máis 2 arranxos dunha obra clásica de J.Brahms e unha canción tradicional balcánica, hai 12 cancións con versión instrumental e unha pista de 25 minutos onde se conta a historia a modo de audioconto. Soan cancións variadas dende africana, jazz, rap, samba, reggae, ska, son cubano, clásica, oriental, tradicional balcánico e galego, pop e incluso poesía.



Por outra banda, o disco inclúe unha **unidade didáctica** en formato PDF que ten o obxectivo de contribuír ao aproveitamento do valor educativo do libro. Este documento inclúe actividades sinxelas para realizar tanto na casa como na aula, que profundan na orixe dos 37 instrumentos que soan neste disco e que vemos ilustrados no libro. Fálase tamén da maneira de tocalos, a familia de instrumentos á que pertencen, en que tipo de música adoitan aparecer, etc. Tamén inclúe algunha actividade pensada para a educación auditiva dos/as nenos/as: que xéneros musicais escoitamos en cada canción, que aspectos da xeografía ven no libro, que características ten a flora e fauna dos continentes... As respostas tamén se atopan incluídas no documento.

Onde escoitar o disco:

Todas as cancións da versión en **galego** están neste enlace para escoitar online:

<https://soundcloud.com/lydiabotana/sets/de-aqu-para-al-m-sica-infantil>

Na versión en **castelán** “De aquí para allá” están neste enlace:

https://open.spotify.com/album/745Yxut6I5haYeycZSom36?fbclid=IwAR0ou39-5SI_myc6INSyEh14XrcF92zUcTaYQI7SE8a8eRWTleLaJWLqKk4

Títulos das cancións:

- Xa choveu
- De aquí para alá
- Fauna poética
- Voando vai
- Facemos beat box
- Batucada deportiva
- Bailamos
- Son de Cuba
- Nana
- Saudamos
- Baila Bubamara
- Terra de cores
- Hei de voltar



VIDEO BOOK TRAILER:

<https://youtu.be/U5LOvYp4ep4>

3. Obxectivos e contidos

Obxectivos

- ✓ Achegar ao alumnado a música dunha forma participativa e divertida estimulando e promovendo unha escoita activa.

- ✓ Expresar emocións, sentimentos e ideas a través da linguaxe musical e corporal.
- ✓ Desenvolver a sensibilidade artística e a capacidade creativa achegándose ás manifestacións da linguaxe musical de diversos países.
- ✓ Identificar tradicións musicais de diferentes países así como os seus instrumentos.
- ✓ Potenciar o respecto á diversidade cultural contribuindo á comprensión da interculturalidade mediante a difusión dun repertorio musical amplo e variado e o uso de distitos idiomas.
- ✓ Coñecer diversas características da paisaxe, flora e fauna dos países traballados.
- ✓ Experimentar a improvisación da música a través da escoita e dramatización de diversas cancións.
- ✓ Recoñecer o silencio para mellorar a atención, o autocontrol e respecto para apreciar as actividades artísticas.

Contidos

- ✓ Continentes: África, América, Asia, Europa e Oceanía.
- ✓ Países: Australia, Estados Unidos, Brasil, Cuba, Xamaica, Balcáns, Galicia.
- ✓ Localización no mapa dos distintos continentes e países traballados.
- ✓ A paisaxe: aldea, illa, mar, río, cidade, montañas, bosque.
- ✓ Identificación das diferentes paisaxes traballadas.

- ✓ Fauna: bolboreta, canguro, koalas, crocodilo, peto, tiburón/quenlla, xoaniña, vieira.
- ✓ Flora: baobab, palmeira, carballo, eucalipto.
- ✓ Identificación dalgunha característica dos animais e árbores traballados.
- ✓ Asociación de cada animal co seu país de procedencia.
- ✓ Instrumentos musicais: kalimba, djembé, xilófono, didgeridoo, piano, batería, percusión corporal, bongós, instrumentos de parche dunha batucada como o repenique, claves, maracas, cabasa, vibraslap, gong, campás, acordeón, cunchas e pandeireta.
- ✓ Discriminación dos sons dos instrumentos musicais traballados.
- ✓ Música: africana, aborixe australiana, jazz, rock, rap, bossa nova, samba, son cubano, reggae, ska, nana ou arrollo, música oriental, tradicional balcánica e galega, pop.
- ✓ Identificación de diferentes tipos de música e as súas características.
- ✓ Asimilación dos tempos de escoita e de resposta nunha canción con resposta.
- ✓ Asociación de cada instrumento musical co seu país de procedencia e coa peza musical correspondente.
- ✓ Cores: marrón, azul, vermella, verde, rosa, lila, amarela e laranxa.
- ✓ Asociación de cada cor cun país e a súa música.
- ✓ Repertorio musical internacional na lingua de orixe.
- ✓ Interese en participar en actividades musicais.

- ✓ Actitude relaxada asimilando o silencio como elemento fundamental para unha boa escoita.

4. Actividades.

As propostas que a continuación se presentan son para realizar en cada un dos lugares concretos polos que pasaremos durante esta viaxe musical polo mundo na que a protagonista desta historia, Bolboreta, vai adquirindo novas cores nas ás a medida que vai coñecendo novas culturas. No libro pódese apreciar como as anteniñas de Bolboreta van cambiando de cor en cada lugar novo e as notas musicais das melodías das cancións de cada país son da mesma cor.

Ás zonas do mundo polas que vai pasando este conto correspóndenlle unha **cor** coa que se pode traballar, un tipo de **música** que se escoitará durante o concerto, **instrumentos musicais** que nomearemos e tocaremos, un **tema** arredor do que xiraremos nese lugar que cada profesor/a pode ampliar ou desenvolver como queira, e unhas propostas de **actividades** para realizar na aula que poden ser dende xogos ata cancións das cales se enlazan audios en Internet e vídeos para traballar as coreografías ou dramatizacións mais as fichas que van no **Anexo** desta guía docente.

Como actividade inicial, xa que é unha viaxe polo mundo, recoméndase ter á vista de todos/as un mapamundi (na **Ficha 5 - O mapa da viaxe** hai unha proposta), xa sexa no encerado da aula, nun corcho ou cada quen co seu propio mapa. Así, poden ir situando cada lugar polo que imos pasando e coloreando cada país a cada paso da Bolboreta facendo así un traballo cooperativo creando un mural entre todos/as.

A continuación preséntase cada proposta do seguinte xeito:

COR: a cor que finalmente adquire a bolboreta nas súas ás tras do paso por cada lugar do mundo.

MÚSICA: xénero musical que tocaremos neste lugar.

INSTRUMENTOS: imaxes dos instrumentos musicais dos que falaremos e escoitaremos.

TEMA: trama ou suceso polo que xiramos durante o paso por ese lugar.

ACTIVIDADES: propostas para realizar en conxunto.

A partir de aquí comeza a viaxe didáctico musical coas propostas que pretenden servir de guía para ter como recursos de aula.

BOA VIAXE!!

 **África**


Cor: marrón.

Música: africana.

Instrumentos: Xilófono

Kalimba

Djembé



Tema:

- Estados anímicos: da tristeza á felicidade.
- Importancia da árbore do baobab para os pobos africanos.
- Tradición da danza da choiva para atraer a auga e así regar as terras para que florezan os cultivos.

Actividades:

- * Expresar o que lles causa tristeza e que é o que provoca a súa felicidade despois. Reflexionalo.
- * Enumerar cousas que os fagan felices.
- * Simular unha danza da choiva para atraer a auga mediante distintos sons.
- * Creamos en conxunto unha árbore de baobab a onde poder recorrer e formar asambleas:



Material necesario:

- cartón grande (de frigorífico, caldeira, etc.)
- pintura marrón
- folios
- lapis ou cores
- tesoiras
- limpapipas

Co cartón faremos o tronco da árbore e pintarémolo entre todos/as con pintura marrón. Por outro lado, sobre un folio en branco, debuxarán a silueta das súas mans axudándose uns a outros poñéndolles unha marca ou o nome do alumno para recoñecelos posteriormente. Recortaremos as siluetas das mans e unirémolas cunhas limpapipas de cores.

Despois enganchar sobre o cartón do tronco da árbore dándolle forma circular.


CANCIÓN CON DANZA AFRICANA

Escoitar e aprender a letra da canción número 2 do libro-disco titulada: **XA CHOVEU**. Con esta canción contamos a historia dun neno que está triste no alto dun baobab, que é o argumento do que parte o conto.

No seguinte vídeo está a coreografía da canción que tamén está explicada a continuación xunto coa letra que poden aprender a modo de ritual da choiva.

Tamén co acompañamento duns tambores ou djembés, poden bailar e cantar a canción.

<https://youtu.be/j4OMKyqo5SI>



Actividades:

- * O proceso de metamorfose dunha bolboreta.
- * Visualizar o proceso real da metamorfose dunha bolboreta. ([vídeo](#))
- * Recoñecer os pasos da metamorfose da bolboreta e realizar a **Ficha 1 - Metamorfose da bolboreta**. Recortar (incluso colorear se se imprime en branco e negro), pegar ou colocar na orde correcta os cinco pasos debuxados da secuenciación temporal da metamorfose dunha bolboreta:


1- Ovo



2- Verme

3- O verme comeza a construír o seu casulo

4- Crisálide

5- A bolboreta sae do seu casulo





CANCIÓN CON XESTOS

Escoitar e aprender a letra da canción número 3 do libro-disco titulada:
DE AQUÍ PARA ALÁ.

Este é o retrouso que une o concerto no que o público repite o que se lles indica en cada frase. Cantaremos e dramatizaremos esta canción sobre distintos xéneros musicais e con diferentes idiomas en función do lugar no que nos atopemos.

É unha canción con resposta, quere dicir que unha solista canta a primeira frase e o resto responden a esta nun coro conxunto.

Aquí uns enlaces a diferentes **vídeos** coa súa coreografía interpretada por alumnado de diversas idades en distintos espazos como unha aula ou auditorio:

<https://youtu.be/FQnmv6jmYqs>

(coreografía con nenxs de Infantil nunha aula)

<https://youtu.be/TwJvJ3LTRcI?t=1m7s>

(concerto, canción con coreografía Primaria, auditorio)

<https://youtu.be/HLj2lepcWXE?t=1m15s>

(coreografía con nenxs de Infantil e Primaria nunha aula)

DE AQUÍ PARA ALÁ

1. De a-quí po-ní-li De a-quí po-ní-
2. De a-quí po-ní-li De a-quí po-ní-

li i-mos vo-an-do a ou tro-to-ge-
li i-mos vo-an-do a sin-no-vo-to-ge-

**E de aquí para alá,
cambiamos de lugar!**

10 11

DE AQUÍ PARA ALÁ

Lydia Botana

DE AQUÍ
PARA ALÁ
DE AQUÍ
PARA ALÁ
IMOS VOANDO
A OUTRO LUGAR

Coreografía:

Brazos sinalando abaixo
Brazos sinalando de fronte
Brazos sinalando abaixo
Brazos sinalando de fronte
Movendo os brazos como voando
Facer a silueta dun círculo cos
brazos simbolizando o mundo

DE AQUÍ
PARA ALÁ
DE AQUÍ
PARA ALÁ
IMOS VOANDO
A UN NOVO LUGAR

Brazos sinalando abaixo
Brazos sinalando de fronte
Brazos sinalando abaixo
Brazos sinalando de fronte
Movendo os brazos como voando
Facer a silueta dun círculo cos
brazos simbolizando o mundo
Final: brazos en alto

**E de aquí para alá
cambiamos de lugar!**



Oceanía

Cor: azul.

Música: ambiente selva australiana.

Instrumentos: Didgeridoo



Tema:

- Oceanía: Australia e Nova Zelanda.
- A flora australiana.
- A fauna australiana.
- Os aborixes australianos.
- O didgeridoo.
- A cultura do surf.
- A poesía.

Actividades:

- * Recoñecemento do eucalipto australiano tan presente na paisaxe galega.
- * escoitar e visualizar o vídeo dunha interpretación por parte dun neno que toca un didgeridoo aborixe feito dunha póla de eucalipto.
- * Visualizar a interpretación de didgeridoo no vídeo dun concerto de Xavier Rudd.
- * Debuxar un didgeridoo. Propoñerlles debuxar como cren que sae o son.
- * A cultura do surf en Australia: simular que surfean ondas grandes, medianas e pequenas con música surf de fondo.
- * Audición recomendada: **Surfin' USA - The Beach Boys** (vídeo)
- * Audición recomendada: **Surfista do lago Paranoá - Natiruts** (vídeo)

* Identificar na **Ficha 2 - Fauna poética australiana** os animais dos que se fala neste poema do libro na canción número 4 do libro-disco titulada: **FAUNA POÉTICA** (Xosé Lois Seixo):

- 1- pelícano
- 2- canguro
- 3- ibis
- 4- ornitorrinco
- 5- koala
- 6- dingo
- 7- iguana
- 8- varano
- 9- demo de Tasmania
- 10- dragón barbudo


Ficha 2 - Solucións



FAUNA POÉTICA

Xosé Lois Seixo

E xa chegamos a Oz,
a Australia
no outro lado do mundo,
onde surfea o pelícano
e salta á corda o canguro.
Nos parques pasea o ibis
nos ríos o ornitorrinco,
nos bosques dorme o koala
e no monte corre o dingo.
As iguanas visten de cores,
os varanos son varudos
e o demo de Tasmania
persigue ao dragón barbudo.



FAUNA POÉTICA

E xa chegamos a Oz, Oz, Oz
a Australia
no outro lado do mundo,
onde surfea o pelicano
e salta á corda o canguro.
Nos parques pasea o ibis
nos ríos o ornitorrinco,
nos bosques dorme o koala
e no monte corre o dingo.
As iguanas visten de cores,
os varanos son varudos
e o demo de Tasmania
persigue ao dragón barbudo.

Bolboreta chega a unha terra fermosa, **OCEANIA**, onde se atopan cuns animalitos moi saltaricos, os **CANGÜROS**. Hai outros animais máis preguiçosos no alto das árbores comendo as follas dos eucaliptos, os **KOALAS**.

Pois das pólas dos eucaliptos faise este instrumento aborixe, o **DIDGERIDOO**.

Estados Unidos

Cor: vermella.

Música: jazz, rock, rap.

Instrumentos: Piano

Batería

Saxofón soprano



Tema:

- As Américas: América do Norte, América do Sur e América Central.
- O jazz.
- A cultura hip hop: o rap, beat box, break dance.

Actividades:

- * Facer unha lista de todos os sons que atopamos nunha cidade.
- * Práctica do beat box básico: boots & cats - pu-chi-ki-chi. ([vídeo](#))
- * Bailar ao ritmo de rap, pasos básicos break dance. ([vídeo](#))
- * Danzar libremente pola aula a ritmo de jazz intentando manter o pulso con chasquidos sobre a canción número 5 do libro-disco titulada: **VOANDO VAI**.



VOANDO VAI

Lydia Botana

VOANDO VAI, VIAXANDO ESTÁ
 A BOLBORETA QUE APRENDE JAZZ
 VAI POLO MUNDO BUSCÁNDOTE A TI
 VAI NA PROCURA DE ALGO FELIZ

(Solo saxofón soprano)

VOANDO VAI, VIAXANDO ESTÁ
 A BOLBORETA MÁIS MUSICAL
 VAI NA PROCURA DE ALGO FELIZ
 BUSCANDO A FELICIDADE SEN FIN



Xa se atopaba noutra terra: **AMÉRICA!**
 Internouse nunha cidade onde hai edificios
 altísimos e mores de persoas camiñan dun
 lado para outro. Entre todo ese barullo,
 Bolboreta escoitou unha música moi
 tranquila e moi libre, o **JAZZ**.

VOANDO VAI

16



17

* Audición recomendada: **WE WILL ROCK YOU- Queen**

Percutir sobre a mesa, as pernas ou xeonllos xunto as palmas xogando coa percusión corporal para realizar a rítmica do mítico tema de Queen sobre a audición da canción "We will rock you".

<https://youtu.be/-tJYN-eG1zk>
(vídeo oficial de 1977 de Queen)

WE WILL ROCK YOU

QUEEN

* Improvisar ritmos percutidos sobre o corpo, asimilando o corpo como un instrumento.

* Formar un círculo bailando a ritmo de rap coa canción número 6 do libro-disco titulada: **FACEMOS BEAT BOX.**

Chegara aos **ESTADOS UNIDOS!** *We are in the United States of America.*
Nunha rúa Bolboreta viu un grupo de rapaces que facían sons co seu propio corpo e ruidos coa boca coma se fosen unha **BATERÍA.**

FACEMOS BEAT BOX

Chegamos a outro lado do Océano Atlántico.
Baillamos polas rúas facemos un cántico.
Xogando co corpo meneando o pandeiro.
Facendo ruído o corpo inteiro.

Facemos beat box intentádeo vós.
Facede beat box berrade con nós. (bis)

Batemos no peito golpeamos con gana.
Improviso e non penso en nada.
Non te confundas non son labazadas.
Facemos ruidos coa cara.

Facemos beat box intentádeo vós.
Facede beat box berrade con nós. (bis)

E de aquí para alá,
cambiamos de lugar!

FACEMOS BEAT BOX**Lydia Botana**

CHEGAMOS A OUTRO LADO DO OCEANO ATLÁNTICO
 BAILAMOS POLAS RÚAS FACEMOS UN CÁNTICO
 XOGANDO CO CORPO MENEANDO O PANDEIRO
 FACENDO RUIDO O CORPO ENTEIRO

(Facer ruidos co corpo)

FACEMOS BEAT BOX INTENTÁDEO VÓS *(Bis)*
 FACEDE BEAT BOX BERRADE CON NÓS

(Berros)

BATEMOS NO PEITO GOLPEAMOS CON GANA
 IMPROVISO E NON PENSO EN NADA
 NON TE CONFUNDAS NON SON LABAZADAS
 FACEMOS RUIDOS COA CARA

(Facer ruidos coa boca e golpeando na cara)

FACEMOS BEAT BOX INTENTÁDEO VÓS *(Bis)*
 FACEDE BEAT BOX BERRADE CON NÓS

(Berros)

Brasil

Cor: verde.

Música: bossa nova, samba.

Instrumentos: Repenique

Bongós

Caixa tubular dobre



Tema:

- O paxaro carpinteiro, o peto, coñecido no Brasil coma “Picapau”.
- O carnaval de Rio de Janeiro.
- As batucadas: os instrumentos de parche (percusión con membrana).

Actividades:


- * Audición recomendada: **GARÔTA DE IPANEMA- Tom Jobim, Vinicius de Moraes**

<https://youtu.be/KJzBxJ8ExRk>

(vídeo coa actuación en directo dos autores da canción)

- * Crear unhas máscaras de entroido. Neste enlace hai varios modelos de máscaras para imprimir sobre cartolina para decorar, recortar e poñerlle unha goma elástica para que se suxeiten na cabeza.

https://drive.google.com/drive/folders/17xBINRlFPc_eYFFf575Zg2Q46Ks3crZa?usp=sharing



XOGO DE PSICOMOTRICIDADE

Bailar a ritmo de samba coa canción número 7 do libro-disco titulada: **BATUCADA DEPORTIVA**.

Realizar os xestos dos deportes que se van nomeando durante a canción, así como os exercicios previos para quentar os músculos e as voces, todo sobre unha base de baile da samba. A canción xa vai guiando o xogo en todo momento.

TENIS



BALONCESTO



NADAR



SURF



PARAPENTE



ESQUÍ



SALTA



DA VOLTAS

Xamaica

Cor: lila.

Música: reggae, ska.

Instrumentos: Cabasa



Vibraslap



Guitarra eléctrica



Tema:

- A quenlla, o tiburón.
- O baile libre e as danzas.
- A velocidade da música: reggae e ska.

Actividades:

* Facer un xogo no que un neno/a é unha quenlla e debe atrapar os demais bailando ao ritmo da música das audicións recomendadas.

* Audición recomendada: **ONE LOVE- Bob Marley**

Bailar ao ritmo de reggae. Dar palmas co pulso a tempo e a contratempo.

<https://youtu.be/QvNf5hCKhw0>

* Audición recomendada: **SKA SKA SKA- The Skatalites**

Bailar ao ritmo de ska. Dar palmas co pulso a tempo e a contratempo.

<https://youtu.be/EcoNPm3pyqg>

* Bailar e cantar a ritmo de reggae e ska, libremente, coa canción número 8 do libro-disco titulada: **BAILAMOS**.

Estamos nunha illa moi pequena, pero con tanta musicalidade...
Alí fan unha música tranquila, o **REGGAE**, e música máis activa tamén, o **SKA**!

Estamos en **XAMAICA**!

BAILAMOS



Daquela de aquí para alá
cambiamos de lugar!

26

27

BAILAMOS**Lydia Botana**

BAILAMOS, BAILAMOS,
BAILAMOS SEMPRE AO COMPÁS. *(Bis)*
BAILAMOS, BAILAMOS,
QUE A MÚSICA ACELERE DA IGUAL.

NALGÚN BAILE TERÁS QUE CONTALOS PASOS PARA BAILAR.
PODES IMPROVISAR, MOVELO CORPO SEN MÁIS
SOLTALOS PÉS E ATA BRINCAR, PORQUE

BAILAMOS, BAILAMOS,
BAILAMOS SEMPRE AO COMPÁS. *(Bis)*
BAILAMOS, BAILAMOS,
QUE A MÚSICA ACELERE DA IGUAL.

NON NOS IMPORTA, NON NOS IMPORTA!
QUE IMPORTA DE FALLAMOS,
CO BEN QUE O PASAMOS!

(Ska, ska, ska)

BAILAMOS, BAILAMOS,
BAILAMOS SEMPRE AO COMPÁS. *(Bis)*
BAILAMOS, BAILAMOS,
QUE A MÚSICA ACELERE DA IGUAL.

 **Cuba**

Cor: rosa.

Música: son cubano.

Instrumentos: Claves



Maracas



Trompeta



Tema:

- As illas.
- O ritmo da clave 2:3 e 3:2.
- A música cubana.

Actividades:

- * Práctica das claves 2:3 e 3:2.
- * Crear unhas maracas con materiais reciclados: botellas de plástico ou latas de refresco con area da praia ou pedriñas. Decorar con adhesivos de cores.

BAILE CON SON CUBANO

Escoitar e aprender bailando a ritmo de salsa a letra da canción número 9 do libro-disco titulada: **SON DE CUBA**.

<https://youtu.be/SGQ8sanzXk8>








SON DE CUBA



1. Vá- ve- san- do po- lo mar- do vai vai vai



2. A- pre- des- do no- vos ris- mos



3. Nes- ta i-lla na que- re- to- mos



4. Car- tes- do co- son- cu- be- no vai vai vai



Son son son de Cu- ta son son son



Son son son de Cu- ta son son son






Pois de aquí para alá cambiamos de lugar!




SON DE CUBA**Lydia Botana**

VAI VIAXANDO POLO MUNDO

VAI,

VAI,

VAI

Coreografía:

Brazos cara a un lado

Brazos cara ao outro lado

Brazos cara a un lado

APRENDENDO NOVOS RITMOS

VAI,

VAI,

VAI

Brazos cara a un lado

Brazos cara ao outro lado

Brazos cara a un lado

NESTA ILLA NA QUE ESTAMOS

VAI,

VAI,

VAI

Brazos cara a un lado

Brazos cara ao outro lado

Brazos cara a un lado

CANTANDO CO SON CUBANO

VAI,

VAI,

VAI

Brazos cara a un lado

Brazos cara ao outro lado

Brazos cara a un lado

SON SON SON DE CUBA**SON SON SON***(x 4)*

 **Asia**

Cor: amarela.

Música: nana e escala oriental.

Instrumentos: Gong

Campás

Tubo harmónico



Tema:

- As nanas, os arrolos, as cancións de berce.
- Tipos de saúdos orientais.
- A meditación e a relaxación.

Actividades:

- * Lembrar un arrolo que coñezan.
- * Facer unha relaxación ao chegar á aula escoitando música meditativa. ([vídeo](#))
- * Adormecer e descansar coa canción do libro-disco número 10 titulada: **NANA**.



32

Bolboreta xa estaba cansa de tanto voar de aquí para alá buscando algo que fixese feliz ao seu amiúdo, así que decidiu deitarse a descansar.

33

NANA

A dar mir a dar mir cos o- li- fios pe-
 cho- dos des- can- san- do men- tes tan- to as es- tre- las tri- lu-
 rin- mentes non sa- zó Sol po- de- re mos so-
 ri- tardando
 rar can- do mar- che a Lá a te- re- mos que- per- tar.

NANA

J.Brahms

Arranxo e letra: **Lydia Botana**

A DURMIR, A DURMIR

COS OLLIÑOS PECHADOS.

DESCANSANDO MENTRES TANTO

AS ESTRELAS BRILLARÁN.

MENTRES NON SAIA O SOL

PODEREMOS SOÑAR.

CANDO MARCHE A LÚA

TEREMOS QUE ESPERTAR.

CANCIÓN CON SAÚDOS ORIENTAIS

Escoitar e aprender a letra da canción número 11 do libro-disco titulada: **SAUDAMOS**. Con esta canción baseada nunha melodía que reitera a escala pentatónica (neste caso: do, re, fa, sol, la), aprendemos as distintas formas que teñen de saudarse nas terras orientais.

Sorriso sempre presente! :)

Distribuídos pola aula, realizar cada saúdo e nas partes instrumentais, dar pasiños pequeniños saudando os/as compañeiros/as que atopamos polo camiño, coma no vídeo:

<https://youtu.be/ayKgsZsEFK8>

1. *Aí aprendeu as distintas formas de*

2. *saudarse que teñen nesas terras orientais.*

3.

SAUDAMOS

1. Sa- te- dan- do san- ta- man- bai- so- que- no- má- má- dan-
 2. Xan- da- pa- ra- do- te- na- pó- re- ve- san- da- za- ha- ve-
 3. Pe- da- po- fio- dan- ha- man- so- bre- a- pa- ma- di- ca- ta- man-

Se- te- de- mos- sem- pre- si- can- so- mi- so- pe- ma- si-

Cán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán- gán-

Así, de aquí para alá cambiamos de lugar!

36 37



SAUDAMOS**Lydia Botana**

SAUDANDO XUNTA AS MANS
BAIXA O QUEIXO E MIRA AO CHAN

SAUDAMOS SEMPRE ASÍ
CUN SORRISO PARA TI

Mover as mans saudando
Debuxar un sorriso na cara
reverenciando cara adiante

XUNTAS AS PUNTAS DOS TEUS PÉS
REVERENCIA UNHA VEZ

SAUDAMOS SEMPRE ASÍ
CUN SORRISO PARA TI

Mover as mans saudando
Debuxar un sorriso na cara
reverenciando cara adiante

PECHA O PUÑO DUNHA MAN
SOBRE A PALMA DA OUTRA MAN

SAUDAMOS SEMPRE ASÍ
CUN SORRISO PARA TI

Mover as mans saudando
Debuxar un sorriso na cara
reverenciando cara adiante

Balcáns

Cor: laranxa.

Música: tradicional balcánica.

Instrumentos: Acordeón

Violín



Tema:

- Zonas montañosas dos Balcáns.
- Tipos de danzas do leste europeo.
- Bubamara, a xoaniña.

Actividades:

- * Identificar os acordeóns que forman a bolboreta da **Ficha 3 - Bolboacordeón**. Podemos apreciar dous acordeóns completos e dous corpos da parte dos baixos sen a parte do teclado. Pódese imprimir en branco e negro e colorear para posteriormente recortar a silueta da bolboreta.
- * Audición recomendada: **BUBAMARA**(tradicional balcánica) Emir Kusturica ([vídeo](#)).
- * Bubamara é o nome que reciben as xoaniñas na zona europea dos Balcáns que atoparemos durante a viaxe. Realizar unhas máscaras de xoaniñas coa base da **Ficha 4 - Bubamara máscara** ou similar. Unha vez coloreadas, recórtanse e engadimos unha goma elástica para poñer na cabeza. Estas máscaras pódense utilizar para realizar a danza balcánica de Bubamara.



CANCIÓN CON DANZA BALCÁNICA

Escoitar e aprender a danza tradicional balcánica coa canción número 12 do libro-disco titulada: **BAILA BUBAMARA**.

Vivenciamos a aceleración e a modulación cunha danza tradicional co tema popular da zona dos Balcáns que leva o nome da xoaniña que coñeceremos durante a viaxe, Bubamara.

A danza consta de dúas partes, parte A e parte B, coincidindo cos dous temas melódicos que forman a canción.

Pódese realizar formando un círculo entre os participantes ou nunha liña, engachados entre eles apoiando as mans nos ombros dos/as compañeiros/as.

No comezo da canción hai unha INTRO que sería para avisar de que vai dar comezo a danza e teremos que estar colocados/as en silencio agardando o primeiro tema da canción, o tema A.

No TEMA A van lanzando as pernas aos lados en diagonal.

No segundo tema da canción, o TEMA B, camiñan cara adiante e cara atrás sucesivamente, dúas veces, para rematar marcando os golpes finais coa cadeira ou o “cuíño”.

Ao ir acelerando o tempo da canción, levará os participantes a estar atentos á velocidade da música e ir acorde con ela.

Para o FINAL da canción, pegaremos un brinco no sitio para pechar cunha aperta colectiva.

Inda que os temas A e B son moi intuitivos, a continuación veñen as partes minutadas.

Bolboreta poderíalle amosar a Gali este baile, acompañada do **VIOLIN** e do **ACORDEON**.

BAILA BUBAMARA

Parte A

Parte B *Accelerando*

E de aquí para alá cambiamos de lugar!

BAILA BUBAMARA**Tradicional balcánica****Arranxo: Lydia Botana**

INTRO 0:00 - 0:42



TEMA A 0:43 - 1:00



TEMA B 1:00 - 1:10

TEMA B 1:10 - 1:19

TEMA A 1:19 - 1:31

TEMA A 1:31 - 1:44



TEMA B 1:44 - 1:51

TEMA B 1:51 - 1:56



FINAL 1:56- 2:02

TERRA DE CORES**Lydia Botana**

A TERRA DA CHOIVA A TERRA DO GRIS
DAS NUBES CARGADAS DE AUGA SEN FIN
A TERRA DOS BOSQUES HAI MÁIS DE DEZ MIL
DO VERDE ESPERANZA DO MEU GRAN SENTIR

AILALELO AILALALO A GALICIA ESTOU CHEGANDO
AILALELO AILALALO A GALICIA VOU CANTANDO

A TERRA DOS RÍOS A TERRA DO SIL
TEN CENTOS DE CORES QUE FANME FELIZ
A TERRA ONDE AS MEIGAS PROCURAN VIVIR
E ONDE O ARCO DA VELLA APRENDEU A SORRIR

AILALELO AILALALO A GALICIA ESTOU CHEGANDO
AILALELO AILALALO A GALICIA VOU CANTANDO

CON CENTOS DE RÍOS E FIESTRAS AO MAR
NO OCÉANO AS ONDAS QUE VEÑEN E VAN
CONXUROS DE HERBAS E FLORES DE AQUÍ
QUE FAN QUE ESTA VIAXE REMATE FELIZ

AILALELO AILALALO A GALICIA ESTOU CHEGANDO
AILALELO AILALALO A GALICIA VOU CANTANDO


Fin da viaxe

Despois dunha longa viaxe, Bolboreta decatouse de que todas as culturas novas que coñecera, as paisaxes, a flora, a fauna, as músicas, os instrumentos, as linguas, ... quedaran reflectidas nas súas ás en forma de cores.

Unha longa viaxe que chegara á súa fin xa que sentiu que podería voltar a África xunto co seu amigo Gali que seguía triste enriba do baobab. Entón, xa de volta, contoulle toda a súa aventura.

Bolboreta lembrou cada lugar polo que pasou identificando cada cor no mapamundi da **Ficha 5 - O mapa da viaxe.**

ÁFRICA: marrón
 OCEANÍA: azul
 ESTADOS UNIDOS: vermella
 BRASIL: verde
 XAMAICA: lila
 CUBA: rosa
 ASIA: amarela
 BALCÁNS: laranxa



Tamén falou de todos os novos amigos (e non tan amigos tamén) que fixera na viaxe polo mundo presentes na **Ficha 6 - Animais da viaxe**.

Poden recordar os lugares onde Bolboreta coñeceu a estes animais.

Ficha 6 - Solucións

FAUNA

Bolboreta coñeceu moitos animais na procura da felicidade.
Localiza estes:



Bubamara (Xoaniña)

Balcáns



Canguro

Oceanía



Crocodilo

Oceanía



Koala

Oceanía



Picapau (Peto)


Brasil



Quenlla

Xamaica

Moitos foron os instrumentos musicais que escoitamos no disco e que aparecen debuxados no libro. Aquí un sumario en orde alfabética:







Propóñense dúas fichas a continuación, **Ficha 7 - Instrumentos da viaxe** e **Ficha 8 - Familias de instrumentos**, na que, tanto coa axuda do libro ou proxectando as fichas nunha pantalla ou mesmo imprimíndoas en tamaño DIN A3 ou maior, poderemos traballar sobre a procedencia dos instrumentos musicais ou nas músicas onde adoitan empregarse e a súa clasificación en función das familias instrumentais ás que pertencen.

Ficha 7 - Solucións

MÚSICA

Lembras en que lugar do mundo vimos tocar estes instrumentos durante esta viaxe musical? Serías quen de atopalos?

				
Acordeón Balcáns	Agogó Brasil	Baixo eléctrico Estados Unidos	Batería Estados Unidos	Beat box Estados Unidos
				
Bongoes Cuba	Cabasa Xamaica	Campés Asia	Cencerro Cuba	Claves Cuba
				
Congas Cuba	Contrabaixo Cuba	Cunchas Galicia	Didgeridoo Oceania	Djembe África
				
Frauta travesa Cuba	Gaita Galicia	Gong Asia	Guitarra eléctrica Xamaica	Kalimba África
				
Laud Cuba	Maracas Cuba	Pandeireta media lúa Xamaica/Balcáns	Pandeireta tradicional Galicia	Piano de cola Estados Unidos
				
Repenique Brasil	Rocar Brasil	Saxofón soprano Estados Unidos	Silbato Brasil	Surdo Brasil
				
Tamboril Galicia	Teclado Xamaica/ Balcáns	Trompeta Cuba	Vibraslap Xamaica	Violín Balcáns
				
Voz Brasil	Xilófono África			

Ficha 8 - Solucións

Os instrumentos musicais forman grandes familias de instrumentos.
De tanto viaxe os instrumentos perdéronse das súas familias.
Poderías agrupar os instrumentos segundo sexan da familia:

- **Corda:** os instrumentos teñen cordas que se raspan, puntean ou fretan.
- **Vento:** para que soen estes instrumentos hai que soprar.
- **Percusión:** para que soen estes instrumentos hai que golpealos ou sacudilos.
- **Electrónica:** precisan de corrente eléctrica para poder escoitalos.

 Acordeón Vento	 Baxo eléctrico Corda/Electrónica	 Batería Percusión	 Cabasa Percusión	 Claves Percusión	 Congas Percusión
 Violín Corda					 Cunchas Percusión
 Trompeta Vento	 Corda	 Vento			 Didgeridoo Vento
 Teclado Electrónica	 Percusión	 Electrónica			 Djembe Percusión
 Silbato Vento					 Gaita Vento
 Saxofón soprano Vento	 Repenique Percusión	 Maracas Percusión	 Kalimba Percusión	 Guitarra eléctrica Corda/Electrónica	 Gong Percusión

Finalmente Bolboreta conseguiu que aquel neno volvесе sorrir, volvесе ser feliz contándolle toda esta viaxe musical polas culturas do mundo grazas ás súas cores, á súa amizade e á súa canción que rematou cantándolle ao lugar a onde sempre voltaría, ao seu fogar porque, tras a viaxe, Bolboreta comprendeu que sempre has de regresar onde está a xente que amas. Rematou a canción “De aquí para alá” cando voltou ao seu lar.

CANCIÓN CON BAILE LIBRE

Escoitar e facer unha coreografía libre sobre o ritmo da canción pop número 14 do libro-disco titulada: **HEI DE VOLTAR.**

E por fin
Bolboreta
conseguiu
facer feliz
a ese neno
grazas ás súas
cores, á súa
amizade e á
súa canción!

HEI DE VOLTAR

48

49

The image shows a page from a music book. On the left, a cartoon illustration depicts a young boy with a joyful expression, wearing a red loincloth, reaching out towards a large, colorful butterfly with white wings and a black body. The butterfly is flying through a lush green forest with large trees. The page number '48' is in the bottom left corner. On the right, a musical score for the song 'HEI DE VOLTAR' is presented. The score consists of five staves of music in treble clef, with a key signature of one sharp (F#) and a common time signature (C). The music is interspersed with illustrations of various musical instruments: a keyboard, a blue electric guitar, a red drum set, and an acoustic guitar. The page number '49' is in the bottom right corner.

HEI DE VOLTAR**Lydia Botana**

AS NUBES NON QUEDAN LONXE
 MÍRAAS ESTÁN AÍ
 INDA QUE ÁS VECES
 A SÚA COR SEXA GRIS
 MIRA O SOL
 INTENTA SAIR
 E AS NUBES LLE DEIXAN
 XOGAR E RIR

DE AQUÍ PARA ALÁ
 DE AQUÍ PARA ALÁ
 IMOS VOANDO
 A UN NOVO LUGAR

O MUNDO TEN MOITAS CORES
 BÚSCAAS TES ONDE ELIXIR
 VERDE, BRANCO OU LILA
 CADA CAL CO SEU SENTIR
 COMA TANTAS TERRAS
 QUE HAI POR DESCUBRIR
 FACENDO UN CAMIÑO
 PRA ONDE QUEIRAS TI

DE AQUÍ PARA ALÁ
 DE AQUÍ PARA ALÁ
 IMOS VOANDO
 A UN NOVO LUGAR.

DE AQUÍ PARA ALÁ
 DE AQUÍ PARA ALÁ
 IMOS VOANDO
 PORQUE SEI QUE AQUÍ HEI DE VOLTAR
 SEMPRE VOLTO AO MEU LAR
 SEI QUE AQUÍ HEI DE VOLTAR

FICHAS ANEXO

Ficha 1. Metamorfose da bolboreta

Ficha 2. Fauna poética australiana

Ficha 3. Bolboacordeón

Ficha 4. Bubamara máscara

Ficha 5. O mapa da viaxe

Ficha 6. Animais da viaxe

Ficha 7. Instrumentos da viaxe

Ficha 8. Familias de instrumentos



FICHA 1:
METAMORFOSE DA BOLBORETA



Verme



Larva



Ovo



Bolboreta




Casulo


FICHA 2:
FAUNA POÉTICA AUSTRALIANA



FICHA 3:
BOLBOACORDEÓN



FICHA 4:
BUBAMARA MÁSCARA





FICHA 6:
ANIMAIS DA VIAXE



Bubamara (Xoaniña)



Canguro



Crocodilo



Koala



Picapau (Peto)



Quenlla

FICHA 7:

INSTRUMENTOS DA VIAXE



Acordeón



Agogó



Baixo eléctrico



Batería



Beat box



Bongoes



Cabasa



Campás



Cencerro



Claves



Congas



Contrabaixo



Cunchas



Didgeridoo



Djembe



Frauta travesa



Gaita



Gong



Guitarra eléctrica



Kalimba



Laud



Maracas



Pandeireta media lúa



Pandeireta tradicional



Piano de cola



Repenique



Rocar



Saxofón soprano



Silbato



Surdo



Tamboril



Teclado



Trompeta



Vibraslap



Violin



Voz



Xilófono

FICHA 8:
FAMILIAS DE INSTRUMENTOS



Acordeón



Baixo eléctrico



Batería



Cabasa



Claves



Congas



Violín



Cunchas



Trompeta



Corda



Vento



Didgeridoo



Teclado



Percusión



Electrónica



Djembe



Silbato



Gaita



Saxofón soprano



Repenque



Maracas



Kalimba



Guitarra eléctrica



Gong

GRACIÑAS MIL !

